

**COMISIÓN ESTUDO DA FUNCIONARIZACIÓN DO PAS  
LABORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

**ACTA nº 4**

**ASISTENTES**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

Xerente:  
Manuel Fernández Jauregui, Xerente  
Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de  
Recursos Humanos  
José M. Fernández Viña, Xefe do Servizo de  
PAS

Redacción de acta:  
Rafael Ameneiro Bravo

**REPRESENTANTES SINDICAIS**

**Comité de Empresa Ourense**  
Rodrigo Alverte Pivida (CIG)  
José Manuel García Eirín (CIG)

**Comité de Empresa Pontevedra**  
Luciano Otero Camiña (CIG)  
Carlos Mollinedo Lois (CIG)  
Carlos Román Lago (CIG)  
Marcos Estévez Orge (CCOO)  
Manuel Marcos García (CCOO)  
Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

**Asesores sindicais**  
Ana Bande Bande (CCOO)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral indicados, previa a correspondente convocatoria, reuníronse ás 11:00 horas 5 de febreiro de 2016 no Edificio da Xerencia, de acordo coa seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión do 1 de decembro de 2015.**

Apróbase por unanimidade

**2.- Negociación da funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.**

O Vicexerente comeza lembrando que o Comité de Empresa de Ourense quedara emprazado para explicar nesta reunión a súa posición.

Rodrigo Alverte sostén que non é momento de posicionarse, senón de constituír a comisión tripartita para alí expresar a súa opinión.

O Vicexerente sinala que a proposta do Comité de Pontevedra contén cuestións de difícil realización. O proceso de funcionarización consiste en adaptar relacións laborais a outras funcionariais. Hai que ter claro

que unha cousa é a RPT e outra a funcionarización, na que non cabe negociar subidas de niveis. Ademais está supeditada aos límites de masa salarial.

Outra cuestión é a da titulación; a Xerencia xa fixou a súa posición contraria ás exencións, tanto máis canto esta é unha administración educativa, que ten entre os seus principais fins expedir títulos, que facilita ao seu persoal o acceso á educación superior como parte da súa política social; neste contexto, non se pode estar a prol de minusvalorar o valor da formación, aínda manténdonos receptivos aos argumentos da parte social.

Unha terceira cuestión refírese ás diferencias retributivas entre a antigüidade como PAS laboral e como PAS funcionario. Se ben non se pode incrementar a masa salarial, asegúrase que tras a funcionarización ninguén gañará menos.

Carlos Mollinedo di que debe facerse como para o PAS funcionario, asegurando os trienios.

O Xerente repite o compromiso de garantir as retribucións, pero o que non pode asegurar é que outras instancias (de fiscalización, xudiciais...) non as modifiquen no futuro. Lembra que en anteriores reunións reclamou aos comités que achegaran a xustificación técnica e legal da excepción en materia de titulación, sen que tampouco nesta as presenten, polo que a continuación correspondería constituír unha comisión tripartita coa Xunta PAS.

Pablo Álvarez pregunta se a Xerencia coñece as cifras de masa salarial antes e despois da funcionarización.

O Vicexerente indica que son cifras globais.

O Xerente manifesta que da anterior reunión tamén se lles pediu que propuxeran a composición da comisión tripartita.

Carlos Mollinedo indica que podería ser a mesma que agora, 7 membros de cada parte.

O Vicexerente propón 5 por razón de operatividade e axilidade nos traballos, con criterios de representatividade. Debátese concluíndo que se proporá á Xunta de PAS unha comisión integrada por 7 representantes da cada parte, sendo no caso dos comités, 5 por parte do C. de Pontevedra e 2 polo de Ourense. O Xerente solicita que cada comité comunique as persoas designadas.

Marcos Estévez manifesta que o grupo IV leva 20 anos sen posibilidades de promocionar nin mellora retributiva.

O Vicexerente responde que é un tema a discutir na RPT non no proceso de funcionarización.

José M. García Eirín indica que si se pode tratar se na táboa se limitan os niveis.

O Vicexerente contesta que na táboa unicamente se establece a equivalencia entre as categorías actuais e as escalas e subgrupos de funcionarios.

O Xerente sostén que a funcionarización non se pode utilizar para obter melloras salariais. Leva repetíndoo: os crecementos vexetativos (trienios e outros) que fan aumentar a masa salarial tamén hai que consolidalos e ata o de agora a Xerencia nunca propuxo que, para equilibrar este incremento se reducisen postos de traballo. A Xunta de Galicia permitirá a funcionarización con todos os seus cambios se non supón aumento da masa salarial, como sucedeu na U. da Coruña.

José M. García Eirín di que non sería aumentala senón repercutir o aforro que se producirá coa funcionarización e que máis alá de que agora se fixe un nivel aos grupos, que non se limite o futuro.

O Xerente lle pregunta se sabe cómo se calcula a masa salarial, se ten comprobado algunha vez os orzamentos da Universidade ou mesmo os da Xunta, que é onde se establece o límite da masa salarial para as Universidades.

Lle informa que no cómputo da masa salarial só se teñen en conta os importes contidos nos artigos 10 ao 15 do orzamento de gasto, non así o importe do artigo 16, que é onde se imputan os custos sociais. No caso dunha funcionarización, é só neste artigo 16 onde se poderían producir aforros por mor dunha baixa nas cotizacións sociais, e eses hipotéticos aforros non afectarían ao límite da masa salarial.

Lle informa que o que si é certo é que o PAS Laboral que se funcionarice terá unha mellora na cantidade líquida que percibe en tanto que ao ser funcionario se minora a porcentaxe das cotizacións sociais que soporta.

Ana Bande manifesta que nestes anos houbo menos carreira profesional para o PAS laboral que para o funcionario.

O Vicexerente sinala que non son estruturas comparables, pero que na RPT laboral existen moitos máis grupos I que na de funcionarios. O PAS laboral pode promocionar en todas as convocatorias, mentres que os funcionarios só poden acceder por promoción interna ao inmediato subgrupo superior. Ademais están as funcións de categoría profesional, que é outra vía de promoción, aínda que sexa temporal, que non ten o PAS funcionario.

O Xerente explica que coa funcionarización gáñase estabilidade, modifícase o vínculo xurídico co que se lle aplican as vantaxes das que poida gozar o PAS funcionario, pero repite que non se pretenda utilizar para obter melloras salariais.

O Vicexerente engade que o persoal debe facer contas económicas, pero tamén de outro tipo, como carreira, promoción, etc. É un proceso voluntario, no que cadaquén debe valorar pros e contras.

Marcos Estévez pregunta se se poderían facer un estudo para cada traballador, a título informativo.

Carlos Mollinedo propón que polo menos por grupo de idade ou por colectivo.

O Vicexerente responde que os servizos administrativos non poden informar de prestación, cotización ou xubilación, porque se precisaría acceder á vida laboral completa, e iso corresponde á Seguridade Social. Considera que non se ten capacidade para responder a toda a información pero poderían informar sobre aspectos comúns e básicos.

Ana Bande amosa o seu interese en que se fagan sesións informativas sobre qué é a funcionarización e as súas consecuencias.

O Xerente indica que a decisión é persoal do traballador e que a información tería que ser aséptica.

O Vicexerente retoma a cuestión da titulación para manifestar que dado que a parte social tampouco nesta reunión ofrece argumentos que xustifiquen a posible exención, a Xerencia continuará traballando e na seguinte reunión entregará un documento completo e datallado sobre o proceso de funcionarización.

Rodrigo Alverte opina se debería discutir na comisión tripartita, porque falta coñecer a opinión da Xunta de PAS.

O Vicexerente expresa que a Xerencia traballou considerando que era bo avanzar o máximo posible, debater e depurar os temas, para levar un posición acordada e sólida á comisión tripartita. Se os comités cambian o paso, só queda convocar á Xunta de PAS. Polo tanto, serán nesa comisión onde a Xerencia presente o documento.

Marcos Estévez di que entendeu que para a Xerencia era ilegal eximir da titulación.

O Xerente lembra que o esixe o EBEP e a Lei de función pública galega, pero que se manifestou disposto a escoitar os argumentos dos comités, polo que lles solicitou que achegasen os argumentos técnicos ou xurídicos. A situación é que despois de dous meses nada achegaron.

Carlos Mollinedo indica que a Universidade da Coruña (UdC) non esixiu a titulación e non cree que esa universidade cometa ilegalidades.

O Vicexerente expresa que os acordos e convocatorias da UdC son anteriores, por exemplo, á Lei de emprego público de Galicia. O marco normativo e o control da Xunta de Galicia eran moi distintos dos que existen na actualidade.

O Xerente finaliza a reunión solicitando que designen aos representantes na comisión tripartita e indicando que se comunicará á Xunta de PAS a intención de constituíla.

Sen máis asuntos que tratar péchase a reunión ás 12:40 horas.

Three handwritten signatures are visible at the bottom of the page. The first signature on the left is in blue ink. The middle signature is in yellow ink. The third signature on the right is in blue ink.